

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2022

1. Programa trimestral de actividades de educación e divulgación ambiental celebradas no Centro de Interpretación Terras do Miño no ano 2022.
2. Visitas de 7 centros educativos ao Centro de Interpretación Terras do Miño: CEIP Paradai, IES Sanxillao, IES Pedregal de Irimia, CPR A Inmaculada–Maristas, CPR Fingoi, CEIP Fondo–Nos, Máster de Actividades na Natureza da USC.
3. Visitas de asociacións e colectivos ao Mazo de Santa Comba.
4. Colaboración co Programa “Coñece a túa provincia” con 12 visitas ao Centro de Interpretación Terras do Miño (os días 30 de marzo; 22 de abril; 5 de maio; 3, 14, 17 e 22 de xuño; 13 e 15 de setembro; 7, 11 e 14 de outubro de 2022) e 29 visitas ao Mazo de Santa Comba (os días 21, 26, 27 e 29 de abril; 3, 11, 12, 24, 27 e 31 de maio; 21, 22, 23, 28 e 29 de xuño; 27, 29 e 30 de setembro; 4, 13, 14, 18,19, 20, 21, 25, 26 e 28 de outubro; e 2 de novembro de 2022).
5. Actividades de educación e divulgación ambiental celebradas na Casa das Ínsuas de Rábade durante o ano 2022 (Ruta sonora polas Insuas do Miño o 6 de maio; Obradoiro de revoco con barro o 21 de maio; saída herpetolóxica o 22 de maio; Bioblitz nas Insuas do Miño o 10 de xullo; Xornada de restauración de charcas o 24 de setembro), así como recepción de visitas de centros educativos (Máster de Educación

- Ambiental UDC o día 4 d abril; 4º Ciclo da USC o 12 de maio; Enxeñaría Agrícola do Campus de Lugo da USC o 13 de maio; CEIP San Xoán de Lagostelle Guitiriz os días 23, 24 e 27 de maio; IES Leiras Pulpeiro os días 20 e 21 de xuño) ou de visitantes (veciños de Murcia e Albacete o 9 de xuño).
6. Actividades de educación e divulgación ambiental da Reserva da Biosfera Terras do Miño celebradas en varios concellos do territorio: Pol, Guitiriz, Muras, Oourol, Alfoz, Vilalba, Outeiro de Rei e Mondoñedo.
 7. Execución do proxecto LIFE IN COMMON LAND “Xestión en común da terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural en Zonas Especiais de Conservación” durante a anualidade 2022.
 8. Execución do acordo de custodia do territorio nas fincas propiedade da Excm. Deputación provincial de Lugo, situadas nas Insuas do Miño e Ollos de Begonte, coa Asociación Galega de Custodia do Territorio, durante a anualidade 2022.
 9. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Centro de Interpretación Avifauna durante o ano 2022.
 10. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Sociedade Micolóxica Lucus para a elaboración da 9ª edición da Revista Micolucus (2022), que inclúe traballos sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.

11. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións durante o ano 2022.
12. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á asociación Animals Help para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións do refuxio de Xermade durante a anualidade 2022.
13. Execución da addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes en: construción de depuradora ecolóxica no barrio do Empalme, na parroquia de Cabreiros, durante a anualidade 2022.
14. Colaboración coa Asociación Provincial Lucense de Apicultura para axudar a sufragar os gastos de actividades da asociación durante o ano 2022.
15. Colaboración entre a USC e a Deputación de Lugo no proxecto de investigación para impulsar o aproveitamento sustentable e a valorización no territorio das Reservas da Biosfera existentes na provincia de Lugo da *Árnica Montana L.*

16. Participación nos procedementos de avaliación ambiental coa presentación de informes nos expedientes dos parques eólicos e as súas infraestruturas asociadas: Ruliña, Balocas, Levante, Ligonde-San Simón, Monteiro.
17. Participación no procedemento de avaliación ambiental coa presentación de informe no expediente da tramitación da Central Hidroeléctrica Reversible “Xistral” no territorio da Reserva da Biosfera.
18. Emisión de informes solicitados pola Secretaría Española do Programa MaB durante a anualidade 2022 en relación aos proxectos de ampliación da explotación mineira San Acisclo no termo municipal de Muras e da praia fluvial no termo municipal de Lugo.
19. Emisión de informes solicitados por Augas de Galicia durante a anualidade 2022 nos procedementos de autorización de actuacións en zona de dominio público, de servidume e de policía de leitos fluviais na Reserva da Biosfera Terras do Miño.
20. Colaboración coa Secretaría MaB na elaboración dunha Guía de variedades para a elaboración de vinos, sidras e outras bebidas tradicionais da Rede Española de Reservas da Biosfera.
21. Colaboración coa Secretaría MaB na elaboración dos boletíns de noticias cuatrimestrais da Rede Española de Reservas da Biosfera.
22. Participación na difusión e búsqueda de emprendedores no proxecto EmprendeBiosfera da Secretaría Española do Programa MaB.

23. Aprobación e execución da convocatoria da liña de subvencións en concorrencia competitiva para proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses durante a anualidade 2022.
24. Colaboración cos Concellos de Rábade e Láncara durante a anualidade 2022 na diagnose, estudo de alternativas, dimensionamento e redacción dos pregos técnicos relativos á xestión dos fluxos de recollida de residuos municipais
25. Asistencia o 25 de xaneiro de 2022 á reunión virtual organizada pola Xunta de Galicia dirixida a concellos sobre orde axudas das Reservas da Biosfera de Galicia – Fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).
26. Celebración de reunión informativa sobre os Fondos PRTR para entidades e concellos das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses o día 1 de febreiro de 2022 no Salón de Actos da Deputación de Lugo.
27. Participación nas reunións do Consello Provincial de Turismo celebradas os días 25 de febreiro, 5 de setembro e 13 de decembro de 2022, así como asistencia o 27 de setembro á 3ª entrega de premios á excelencia da gastronomía e o turismo da provincia de Lugo.

28. Resolución o 3 de marzo de 2022 da 3ª convocatoria para a concesión de autorizacións de uso das hortas urbanas ecolóxicas do Parque do río Rato e aprobación da 4ª convocatoria para a autorización de uso dos hortos urbanos libres.
29. Participación na Feira Biocultura (Primeira Feira Nacional de Ecoturismo) os días 4, 5 e 6 de marzo de 2022 en A Coruña.
30. Emisión entre marzo e xuño de 2022 de avais aos proxectos presentados por concellos e entidades da Reserva da Biosfera Terras do Miño á convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para actuacións de concellos e entidades en Reservas da Biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023: Cercud Baamonde, ACGT, Adegas, CMVMC Carballo en Friol e Concellos de Alfoz, Baralla, Xermade, O Valadouro, Begonte, Vilalba e Friol.
31. Asistencia ao curso “Ciencia cidadá e etnobotánica” celebrado nas instalacións do Centro Nacional de Educación Ambiental” en Valsaín (Segovia) do 20 ao 22 de abril de 2022.
32. Incorporación da Reserva da Biosfera Terras do Miño á Rede Mundial de Reservas da Biosfera de Montaña en maio de 2022.
33. Participación na primeira reunión da Rede Mundial de Reservas da Biosfera de Montaña celebrada virtualmente o 12 de maio de 2022.

34. Gravación do Programa Conexión Verde da Televisión de Galicia o 12 de maio de 2022 en relación ás Reservas da Biosfera xestionadas dende a Deputación de Lugo.
35. Apoio a candidatura do GDR Montes e Vales Orientais para a concesión dun Plan de Sostenibilidade Turística no Xeodestino Ancares Terras de Burón, cunha declaración de apoio emitida o 16 de maio de 2022.
36. Organización de xornadas de voluntariado de recollida de residuos o 11 de xuño en Láncara (en colaboración con Muvicla e Corripa), o 28 de agosto de 2022 no barrio de Castelo en Lugo (en colaboración co movemento social Coidemos Lugo e Corripa), o 12 de agosto en Friol e o 6 de novembro no parque da Tolda en Lugo, no marco do Proxecto LIBERA de SEO/Birdlife, en alianza con Ecoembes.
37. Participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño e do seu grupo de traballo da marca propia, no proxecto da Secretaría MaB de impulso da marca “Reservas de la Biosfera Españolas”, coa visita por parte de técnicos do Organismo Autónomo Parques Nacionales das empresas do territorio os días 28, 29 e 30 de xuño de 2022.
38. Titorización de 3 alumnas do Máster Oficial en Dirección de Proxectos da USC durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2022, que colaboraron coa Reserva da Biosfera e coa Rede Mundial de Reservas da Biosfera de Montaña.

39. Participación no Encontro Profesional “Desenvolvemento Turístico en Espazos Protexidos” organizado polo GDR Montes e Vales Orientais os días 20 e 21 de xullo de 2022.
40. Participación na reunión ordinaria do Consello de Xestores da RERB celebrada os días 13 e 14 de setembro de 2022 en Gran Canaria.
41. Participación na 2ª Feira L de Lugo celebrada o 25 e 26 de setembro de 2022 no Pazo de Feiras e Congresos en Lugo.
42. Participación no proxecto de divulgación de casos de adaptación ao cambio climático liderado polo OAPN-CENEAM, co proxecto “Adaptando que é xerundio” da Asociación Galega de Custodia do Territorio, coa grabación dun vídeo nas Insuas do Miño o 28 de setembro de 2022.
43. Participación nas consultas en setembro de 2022 do informe do Comité Científico do Comité Español do Programa MaB sobre os parques eólicos e fotovoltaicos nas Reservas da Biosfera Españolas.
44. Execución durante a anualidade 2022 do proxecto do órgano de xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño, aprobado na convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724C).

45. Participación na “I Xornada do Castiñeiro Produtor de Castaña” celebrada na Casa da Cultura de Outeiro de Rei o 1 de outubro de 2022 coa ponencia “Proxecto de recuperación, conservación e posta en valor dos soutos de castaña da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses”.
46. Recepción de alumnado das materias de "Planificación e Xestión de espazos naturais" dos Máster de Enxeñería Ambiental e Enxeñería de Montes da USC o 18 de outubro de 2022 na Casa das Insuas e presentación do modelo de xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
47. Celebración do Congreso final do Proxecto LIFE IN COMMON LAND os días 8 e 9 de novembro de 2022 no Salón de Actos da Deputación de Lugo.
48. Asistencia a Feira Xantar 2022 – 23º Salón Internacional de Gastronomía e Turismo celebrado do 9 ao 13 de novembro de 2022 en Ourense.
49. Participación no VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España celebrado en Lugo os días 10, 11 e 12 de novembro de 2022, con visitas ao Centro de Interpretación Terras do Miño, aos hortos urbanos ecolóxicos da Rato e coa participación no Foro 1 relativo ao Turismo, Natureza e Transición Ecolóxica.
50. Autorización á empresa SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST SL para o uso do Centro de Interpretación Terras do Miño para o desenvolvemento dun curso sobre xestión integral de piñeiros no concello de Lugo en novembro de 2022.

51. Difusión da 2ª edición da convocatoria dos “Recoñecementos das Reservas da Biosfera ao compromiso ambiental” no 2022, organizada pola Rede Española de Reservas da Biosfera en novembro de 2022.
52. Celebración do primeiro Día Internacional das Reservas da Biosfera o 3 de novembro de 2022.
53. Organización do Ciclo de Conferencias Luis Asorey en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias e a USC entre os días 14 e 23 de novembro de 2022 sobre “O capital natural e os servizos ecosistémicos, a nova base da economía”.
54. Publicación de publrreportaxe no diario “El Progreso” sobre o proxecto LIFE In Common Land o día 24 de novembro de 2022.
55. Participación o 25 de novembro de 2022 na xornada final do proxecto Empredebiosfera da Secretaría Española do Programa Mab, no que participou un emprendedor desta Reserva da Biosfera (Blas Piñar de Dukaree).
56. Colaboración co Concello de Alfoz en novembro de 2022 na elaboración dos contidos dos paneis de contido ambiental nos proxectos subvencionados coa orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de axudas para actuacións dos concellos das Reservas da Biosfera de Galicia.

57. Aprobación na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2022 do Pleno da Deputación de Lugo do procedemento de consultas previas do regulamento da licenza de uso da marca “Reserva da Biosfera Terras do Miño”.
58. Difusión da Convocatoria II Recoñecementos das Reservas da Biosfera Españolas ao compromiso medioambiental en novembro de 2022.
59. Solicitud a Turismo de Galicia en decembro de 2022 do seu apoio para a consideración das Reservas da Biosfera da UNESCO como territorios de prioridade estratéxica do Plan Nacional en materia de política nacional turística para 2023 na vindeira Conferencia Sectorial de Turismo do 13 de decembro de 2022
60. Presentación o 16 de decembro de 2022 no Salón de Actos da Deputación de Lugo da 9ª edición da Revista Micolucus (2022), que inclúe traballos sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.